



EDUARDO

«O VIOLÍN DE REMBRANDT» [JORGE LLORCA]

Integridade e soidade desde o humor

PUBLÍCASE O PREMIO
BLANCO AMOR 2013:
UNHA NOVELA QUE
TRANSITA POLOS
EIDOS DO HUMOR
CONSTRUÍNDO UN
FRESCO DE PERSONAXES
E HISTORIAS
ENTRECRUZADAS
CON VIDA DE SEU
PROXECTADAS CARA A
UN TERRITORIO INTIMO

RAMÓN NICOLÁS | Jorge Llorca saltara á narrativa en lingua galega hai escaso tempo con *O salto do Can*, unha novela estimable que escribía a memoria dunha xeración no mármore dunha mesa ta-

bernaria, á que agora xunta *O violín de Rembrandt*, proposta que acadou a trixésima primeira edición do Premio Blanco Amor de novela longa.

Nesta ocasión aborda, a través da ficción, asuntos como son a soidade do ser humano a carón da integridade e da pertinencia de manter os principios, isto é, de ser fieis e leais a eles, ou non selo, sobre todo cando se presentan circunstancias que fan pensar nas tentacións suscitadas pola existencia de diversas pezas artísticas de valor. E faise cunha perspectiva de xinea humorística e retranqueira, en ocasións beireando o esperpento, elementos operativos para outorgar certo distanciamento cara a asuntos que, pola súa transcendencia, puidesen casar difícilmente con esa escolla. Mais o certo é que, ao meu

ver, a novela vai gañando en complicidade conforme se avanza polas súas páxinas, se cadra polo ritmo fluído que atesoura e que se fai acompañar por innumerables referencias musicais e artísticas; se cadra por estar situada nunhas coordenadas temporais concretas como son as que van de finais dos anos setenta e comezos dos oitenta, época respecto da que se erixe un fresco de transparente e indubidable valor sociolóxico.

Como a primeira entrega do autor, esta resulta —e permítanme o exercicio de taxonomía ben pouco ortodoxo— moi ferrolá. Ferrolá en canto expresións e xiros lingüísticos; en canto atmosferas, territorios e personaxes, claro é, sobre os que se sustentan boa parte dos seus acertos.



«O VIOLÍN DE REMBRANDT»
NARRATIVA • Jorge Llorca • Xerais • 200 páxinas • 16,65 euros